

## DESCRICIÓN DO PLAN TERMAL

O plan termal pon en marcha dous programas termais:

• Programa de asistencia diaria a balnearios durante cinco días consecutivos, en quenda de mañá ou de tarde, utilizando durante un mínimo de dúas horas as instalacións dun balneario, talaso ou spa da provincia de Pontevedra. Inclúense os traslados en autobús, con guía acompañante desde os concellos de orixe ata o establecemento escollido e viceversa.

• Programa termal con pernoita en réxime de **pensión completa** (coas bebidas incluídas) de domingo a venres. Inclúe a utilización do balneario, talaso ou spa, e os traslados en autobús desde os concellos de orixe ata o establecemento escollido e viceversa.

## PERSOAS BENEFICIARIAS

Persoas empadroadas na provincia de Pontevedra que non padezan ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do plan e que cumpran algún dos seguintes requisitos:

1. Nacer antes do 1 de xaneiro de 1969
2. No caso de nacer o 1 de xaneiro de 1969 ou con posterioridade:
  - Ter a condición de pensionista polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
  - Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.
  - Precisar dun respiro familiar.

As parellas que desexen participar no plan de forma conxunta, é preciso que as dúas persoas cumpran os requisitos esixidos.

## PRAZO DE INSCRICIÓN

20 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación na web da lista de concellos adheridos.

## PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. O prazo de inscrición será de 20 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación na web da institución provincial da lista de concellos adheridos. A publicación das datas de inscrición farase en [www.depo.gal](http://www.depo.gal) e en <https://sede.depo.gal>.

2. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Opcionalmente poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

3. Deberanse cubrir todos os apartados da solicitude, sinalando só un establecemento termal para cada modalidade do programa. En caso de presentarse máis dunha solicitude terase en conta unicamente a data da primeira presentada. No suposto de que as prazas ofertadas non queden cubertas esta institución reservarase o dereito a abrir un novo prazo de inscrición.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA  
Servizo de Cohesion Social e Xuventude  
Avda. Montero Ríos, s/n. 36071 - Pontevedra.  
Tel: 986 804 100

ORGANIZACIÓN TÉCNICA HALCON VIAJES  
Rúa Gran Vía, 35  
36204 Vigo - Pontevedra  
Tel: 986 431 433

Máis información en  
[www.depo.gal](http://www.depo.gal) ou teléfono 986 804 100

**ABERTO O PRAZO DE INSCRICIÓN**

depo  
termal  
2019

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Viajes Halcón, S.A.U. CIF: A-10009510 - C.I. B.A. 478 - Cta. del Arenal a Ucemajr, km. 21.5. Ucemajr (Mallorca)

DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

Atención 24 horas no 900 842 900  
ou na túa oficina mais próxima

Halcónviajes

Atención 24 horas no 900 842 900  
ou na túa oficina mais próxima

Halcónviajes

## Balnearios diurnos

### Sanxenxo

Hotel Spa Nuevo Astur 3\* ..... 40€

Hotel Spa Carlos I Silgar 4\* ..... 50€

### Portonovo

Hotel Spa Galatea 4\* ..... 48€

### Silleda

Hotel Spa Vía Argentum 4\* ..... 45€

Balneario Baños da Brea ..... 48€

### Oia

Hotel Talaso Atlántico de Oia 4\* ..... 81€

### Illa da Toxa

Balneario Eurostars Isla de La Toja 4\* ..... 84€

### Cuntis

Hotel Balneario Termas de Cuntis 4\* ..... 83€



## Balnearios con pernoita

### Mondariz

Balneario de Mondariz 4\* ..... 279€

### Vila de Cruces

Balneario Baños da Brea ..... 234€

### Sanxenxo

Hotel Galatea 4\* ..... 249€

Hotel Spa Nuevo Astur 3\* ..... 189€

Gran Hotel Talaso Sanxenxo 4\* ..... 279€

Hotel Spa Carlos I Silgar 4\* ..... 269€

### A Toxa

Hotel Talaso Louxo La Toja 4\* ..... 264€

### Cuntis

Hotel Balneario Termas de Cuntis 4\* ..... 264€

## RECORDA!

Ademais da estancia, o programa inclúe o acceso ó clube termal, excursións e visitas a pe guiadas, animación polas noites:

Bingo, queimada, baile...

E actividades como: risoterapia, taller de memoria, ioga, torneo de xogos de mesa, taller de relaxación...

\* A ELECCIÓN DAS ACTIVIDADES E O SEU DESENROLO CORRERÁ A CARGO DO MONITOR ESPECIALIZADO E SUPEDITADO Ó TURNO DE BALNEOTERAPIA E EXCURSIONS PROGRAMADAS PARA CADA GRUPO.

A ORDE E O CONTIDO DAS ACTIVIDADES E EXCURSIONS PODE CAMBIAR.

